



# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

Agosto 2019 • Nº 239

### VIAXE A ARXENTINA

■ O Concello de Vedra volve propoñer unha viaxe organizada a Bos Aires para o mes de decembro. Para poder organizar esta viaxe é preciso conformar o grupo primeiro, con este motivo abrimos prazo para inscribirse as persoas con interese nesta actividade. Rematado este prazo realizaremos unha reunión informativa para pechar os detalles sempre que se reúna un grupo mínimo. **CHAMA AO 981 814 691 ANTES DO 31 DE AGOSTO!**

### HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro a atención ao público será no seguinte horario: de luns a venres de 9:00 h. a 13:00 h.

### CALENDARIO VEDRA FESTEIRA

- Festas en San Fins de Sales do 1 ao 3 de agosto.
- Festas do San Campio en San Miguel de Sarandón do 9 ao 11 de agosto.
- Festas en San Mamede o 7 e 8 de agosto.
- Festas do Santiaguíño en San Pedro de Vilanova o 15, 23 e 24 de agosto.

### AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- IX Festa do Chourizo en San Pedro de Sarandón o domingo 4 de agosto.
- XXII Concentración de motos Val do Ulla os días 16, 17 e 18 de agosto.
- X Concentración espantallos o sábado 17 de agosto a partir das 21:00 h.
- XI Ruta Cabalar do Santiaguíño o domingo 18 de agosto.

## AGOSTO

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    | 1  | 2  | 3  | 4  |
| 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |    |

### AXENDA PARA O MES DE AGOSTO


- Etapa do Goza do Ulla en Vedra o domingo 4 de agosto.
- Ata o 31 de agosto poderase gozar da piscina municipal e das actividades acuáticas.
- O 14 de agosto, Festa da Piscina con inchables, música...
- O 11 de agosto, Trofeo Concello de Vedra no campo de Fútbol de San Mamede de Ribadulla
- Dinamiza Piscina, de luns a venres de 16:00 a 19:00 h.
- Continúa a Ludoteca de Verán en agosto coas súas actividades e talleres.
- En agosto continúan os servizos turísticos en Vedra:
  - Punto de Información Turística na Casa Reitoral de Ponte Ulla.
  - Servizo de Aluguer de bicicletas BTT.
  - Aluguer de piraguas en Agronovo.

#### ...E LEMBRA...

En setembro presentamos todas as propostas culturais, deportivas e de formación para o vindeiro curso!!

### TEN TODA A INFORMACIÓN DE VEDRA NA APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga "Concello de Vedra" no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.





Tradicional Descenso en piragua polo río Ulla, unha actividade deportiva e turística, proposta polos concellos de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces.



Campamento Recreando en Alacante, onde a mocidade de Vedra e Boqueixón visitou Terra Mítica, Aqualandia e Mundo Mar entre outros.



Nenos e nenas de Vedra e Boqueixón gozaron duns días de ocio e moita diversión, neste campamento en Sanxenxo. O campamento infantil foi destinado aos nenos e nenas de 9 a 12 anos e o campamento xuvenil para os de 12 a 16 anos.




Excursión dos maiores á praia e xantar campestre na Praia de Balarés.



Os concellos de Boqueixón e Vedra acolleron un campo de voluntariado internacional onde unha vintena de mozas e mozos de entre 18 e 30 anos e procedentes de Francia, China, Bélxica e Grecia e de 8 comunidades autónomas (máis concretamente, Andalucía, Aragón, Baleares, Castela León, Comunidade Valenciana, Galicia, Madrid e País Vasco)





Observación astronómica en Vedra dentro do programa “O camiño das estrelas. As estrelas do camiño”



Visita de Amaya Valdemoro, a mellor xogadora de baloncesto española da historia, percorrendo a Vía da Prata.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



O XVII Festival de Bandas de Música do Patio, organizado pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Ciclo 4x4 da Asociación Senunpeso.



Festa do Escalo na Área de recreo de Agronovo.



Campamento “Acamparte” da ANPA do CEIP Ortigueira, que tivo lugar durante as mañás do mes de xullo.



## A ACTUAL COMPOSICIÓN DO PLENO MUNICIPAL DE VEDRA

| GRUPO MUNICIPAL DO PP E EQUIPO DE GOBERNO |                                                                                                                         |                                                    |
|-------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| Carlos Martínez Carrillo                  | Alcalde-Presidente                                                                                                      | alcaldia@concellodevedra.com<br>616 692 248        |
| Manuel Costa Carneiro                     | Concelleiro de Educación e Turismo. Voceiro                                                                             | manuel.costa@concellodevedra.com<br>645 925 641    |
| José Manuel González Couto                | Concelleiro de Servizos de Saneamento e Abastecemento. Desenvolvemento Rural                                            | manuel.gonzalez@concellodevedra.com<br>656 957 717 |
| Diana Varela Barreiro                     | Concelleira de Cultura, Xuventude e Voluntariado                                                                        | diana.varela@concellodevedra.com<br>646 671 109    |
| María Susana García Lema                  | Concelleira de Benestar Social, Muller e Igualdade. Persoal. Voceira Suplente                                           | susana.lema@concellodevedra.com<br>669 383 760     |
| Enrique Vazquez Martinez                  | Concelleiro de Infraestruturas, Obras e Servizos; Seguridade Cidadá                                                     | enrique.vazquez@concellodevedra.com<br>630 097 420 |
| Juan Manuel Cernadas Méndez               | Concelleiro de Deportes e Novas Tecnoloxías                                                                             | juan.cernadas@concellodevedra.com<br>619 902 196   |
| José Caldelas González                    | Concelleiro de Promoción económica, Emprego e Formación. Medio Ambiente, Desenvolvemento Sostible e Comunicación Social | jose.caldelas@concellodevedra.com<br>649 323 632   |

| GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE |         |
|-------------------------------|---------|
| Ramón Manuel Lago Lestón      | Voceiro |
| Beatriz Amenal Junquera       |         |
| Raquel Sangiao Durán          |         |


| GRUPO MUNICIPAL DO BNG      |         |
|-----------------------------|---------|
| José Antonio Pose Rodríguez | Voceiro |
| Yolanda Viero Cebeiro       |         |

## PUNTO DE INFORMACIÓN ESPECIALIZADO NO CATASTRO NO CONCELLO DE VEDRA OS SEGUNDOS MARTES DE MES DE 9:00 A 15:00 h. NA CASA DO CONCELLO

### ■ Obxectivos deste punto:

- 1) Subministrar a información catastral ás persoas interesadas, así como cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por parte das persoas con titularidade catastral.
- 2) Facilitar información catastral ás persoas interesadas.
- 3) Facilitar información catastral sobre os criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.
- 4) Recabar a información e recoller os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións pre-

sentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.





## RECORDA AS TÚAS OBRIGAS COMO PERSOA PROPIETARIA DUN CAN

■ Nos últimos meses o número de abandonos de animais domésticos, de desaparicións destes e de denuncias por incumprimento da Lei de protección e benestar dos animais de compañía aumentaron de maneira notable; por este motivo, queremos recordar as obrigas legais para todas aquelas persoas que sexan propietarias dun animal de compañía. Para desta forma evitar entre todos o abandono e maltrato de animais, así como, as sancións que poden recibir dende a administración autonómica os propietarios/as por non cumprir a Lei e que, nalgún caso ascenden a máis de 3.000 euros.

### Obrigas:

- Identificar con microchip a todos os cans a partir dos 3 meses de vida.
- Subministrarlles alimento, auga, coidados e aloxamento cómodo e seguro, así como sometelos ás revisións veterinarias precisas.
- Proporcionarlles un entorno libre de estrés, medo e sufrimento.
- Evitar a reprodución incontrolada de animais (tomar medidas de esterilización e castración de maneira que tamén se eviten os abandonos).
- Rexistrar os animais no censo municipal.
- **No caso dos cans potencialmente perigosos obter a preceptiva licenza municipal.**

### Prohibicións:

- O maltrato aos animais (incluíndo darlle morte ao animal ou practicar a eutanasia a crías).
- O abandono de animais.
- Manter ao animal atado permanentemente ou uso de mecanismos que lle produzan dor ou sufrimento.

- **Levar os animais por vías públicas sen o pertinente mecanismo de retención ou deixalos vagar soltos polas vías (no caso de cans potencialmente perigosos deberán ademais levar buceira)**

- Regalar animais en eventos ou atraccións públicas.

### Sancións:

Por infraccións graves: (multa de 501 a 5.000 euros).

- Non identificación con microchip.
- O maltrato que lles cause dor, sufrimento ou lesións non invalidables.
- Manter ao animal atado de maneira permanente.
- O abandono de animais.
- Non subscribir o seguro obrigatorio no caso dos cans potencialmente perigosos.

Por infraccións moi graves: (multa de 5.001 a 30.000 euros)

- Maltrato ao animal que lle cause a morte ou danos irreversibles.
- Manipulación do microchip.
- Práctica da eutanasia aos animais (incluíndo desfacerse de crías dándolle morte).
- Educar aos animais de forma agresiva ou violenta.
- Non tomar as medidas para evitar que os animais causen danos á saúde ou seguridade públicas.

Temos que recordar que o incumprimento dalgunhas destas obrigas pode conlevar ademais responsabilidade penal, especialmente no caso do maltrato, morte de animais ou abandono.

Ter un animal é unha responsabilidade, pero ante todo hai que recordar que é un ser vivo que sofre e merece, polo tanto, o noso cariño e coidados.





# Ponte de Verán

## PISCINA MUNICIPAL

### HORARIO:

De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.  
Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

### ADEMAIS:

#### DINAMIZA PISCINA!!!!!!!!!!

De luns a venres de 16:00 a 19:00 horas, os nenos e nenas, mocidade e maiores que se acheguen á piscina municipal, atoparanse con diversas alternativas socioculturais como obradoiros, xogos, pintura... Anímate a participar e goza do verán!!!!!!!!!!!!



## FESTA NA PISCINA

O mércores 14 de agosto, a partir das 16:00 horas na piscina municipal de Vedra celebrarase a gran festa con inchables acuáticos, música, aerobio, natación, xogos,... Achégate ata a piscina e pasa unha tarde diferente!!!!!!!!!!!!



## GOZA DO ULLA

**Domingo 4 de agosto.**  
**Ruta San Xoán da Cova.**

• Punto e hora de encontro: Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9:30 h.

+ Información e inscricións no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com)

### Ruta de San Xoán da Cova

Distancia: 12,6 Km.

Dificultade: media.



## Domingo 4 de agosto

Punto de encontro: **Área de Recreo de Cubelas (9:30 h.)**

42°44'45"N 08°28'19"W

para deixar os coches e subir en autobús ata o punto de saída

**Saída ás 10:00 h. do Miradoiro de Gundián**

42°47'07.1"N 8°23'42.6"W

+ Información e inscricións para o xantar na Festa do Chourizo que se celebra ese mesmo día na Área de Recreo de Cubelas

981814691 – [casadospeons@concellodevedra.com](mailto:casadospeons@concellodevedra.com)



[www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)



## PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO VERÁN

Durante o verán o concello de Vedra conta cun punto de información turística e atención a peregrinos situado na Casa Reitoral de Ponte Ulla.

Ademais na **Casa dos Peóns** hai un dispensador de folletos e todos os establecementos hostaleiros adheridos a "Tabernas da Ulla", contan con material de promoción do concello.

Teléfono de información e atención ao turista: 669 450 804.



# Ponte de Verán

## ALUGUER DE PIRAGUAS NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

Durante os meses de xullo e agosto, todos os sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu aluguer a un prezo de 3 €/ hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permita gozar da paisaxe ao mesmo tempo que practicas deporte!

**Área de Recreo de Agronovo**

### Aluguer de Piraguas

Ao longo dos meses de xullo e agosto, os sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 e 20:00 h. poderase acceder libremente ás Piraguas (Aluguer de 3 €/ hora).

Concello de Vedra

## SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT

Tamén durante o verán podes facer uso deste servizo que coordina a Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".

Toda a información do mesmo na páxina web municipal, e nos establecementos adheridos.

### Servizo de ALUGUER DE BICICLETAS

**PUNTOS DE INTERMEDIACIÓN DE ALUGUER DE BICICLETAS**

- Bar Quenllas:  
R. Manuel Trigo c/o S. Santa Cruz de Ribadulla:  
(42.770649, - 8.424804)  
Tfno.: 981.512452
- Bar Barreiro:  
Calle de Vite, San Xosé de Sarriá:  
(42.814694, - 8.511121)  
Tfno.: 981.511508

En colaboración coa asociación Casa dos Peóns

Ruta Cicloturística pola Val do Ulla

CASA DOS PEÓNIS  
Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra

Concello de Vedra

## Deporte

### HORARIO DE VERÁN NO PAVILLÓN MUNICIPAL E ALUGUER DE PISTA

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal que pasará a ser de 19:00 h. a 23:30 horas.

Neste horario tamén podes alugar por horas a pista central, recorda que é preciso facelo cunha antelación de 7 días. A reserva de horas farase directamente a través da aplicación que esta aloxada na páxina web do Concello:

<https://www.concellodevedra.es/gl/content/deportes>.



### TROFEO CONCELLO DE VEDRA

## TROFEO CONCELLO DE VEDRA

U. D. VAL DO ULLA  
--  
C.D. SAN MAMED

11 DE AGOSTO  
ÁS 19:30 H.

CAMPO DE FÚTBOL DE SAN MAMEDE DE RIBADULLA

## PROXECTO DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUENIL GALEUOPA

■ Galeuopa Val do Ulla 2019

Agrupación concellos de : Boqueixón , Touro, Vedra e Vila de Cruces

### Requisitos:

- Estar inscritos/as e figurar como beneficiarios/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o día que se presente a solicitude.
- Non ter participado en convocatorias anteriores do programa Galeuopa.

### Lugar e forma de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse por Rexistro de entrada no concello de Boqueixón ou por calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, (neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante e-mail [galeuropavalidoulla@gmail.com](mailto:galeuropavalidoulla@gmail.com) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

### Documentación a presentar:

- Instancia (ficha de inscrición) anexa ao anuncio e bases, colgadas nas páxinas web correspondentes aos concellos participantes.
- Xunto coa seguinte documentación: copia do DNI, certificado de ser beneficiario de Garantía Xuvenil, Currículum Vitae modelo europeo en galego e en inglés, xustificante de ser vítima de violencia de xénero ou persoa en risco de exclusión social (de



**XUNTA DE GALICIA** **UNIÓN EUROPEA** **galicia**

**GALEUOPA 2019**

Mail de contacto: [galeuropavalidoulla@gmail.com](mailto:galeuropavalidoulla@gmail.com)

Concello de Boqueixón 981513115 [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

Concello de Touro 981814566 [www.concellodetouro.com](http://www.concellodetouro.com)

Concello de Vedra 669450801 [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

Concello de Vila de Cruces 986582017 [www.viladecruces.gal](http://www.viladecruces.gal)

**Do 30 de agosto ao 30 de novembro**

100 % subvencionables  
Que cubre:  
Aloxamento, manutención, seguro, traslados, formación lingüística e 3 meses de prácticas en empresa coas respectivas tutorizacións.

**Italia 8 prazas** **Irlanda 4 prazas** **Malta 8 prazas**

**Xacobeo 2021**

ser o caso), xustificante de discapacidade (de ser o caso).

### Prazo de presentación de solicitudes:

Dentro do prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios e nas páxinas web dos concellos participantes.

### Número de mobilidades ofertadas por países de destino:

- Irlanda: Cork 4 prazas.
- Italia: Sicilia 8 prazas.
- Malta: 8 prazas. Duración das mobilidades: 3 meses.

**E-mail de contacto:** [galeuropavalidoulla@gmail.com](mailto:galeuropavalidoulla@gmail.com)

**Teléfono para información:** Concello de Vedra 669450801 [www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)

## Servizos Sociais

### VOLUNTARIADO “A MAIORES”

■ Programa dirixido a maiores de 55 anos. Para o acompañamento social nas áreas de: benestar e eliminación de estereotipos sobre as persoas maiores, necesidades comunitarias, fomento do uso das TIC... As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C., e terán cubertos os

gastos de desprazamento e manutención.

Anímate a participación no voluntariado sénior e a contribuír co teu labor solidario!

+ información e inscricións:  
981 814 695



### ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

Lembrete que o Centro social da Terceira Idade, permanecerá pechado no mes de agosto...volve en setembro.





## CAMIÑOS DE COÑECEMENTO E EXPERIENCIA



**12/09/2019 16:30-18:00 H**

**Seminario: Qué é o envellecemento?**

Prof. Don Víctor Manuel Arce Vázquez, Doutor en Medicina, Profesor da Facultade de Medicina da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

**16/09/2019 16:30-18:00H**

**Seminario O Cine como Linguaxe**

D. Álvaro Dosil Rosende, Facultade de CC. da Educación (USC)

**17/09/2019 16:30-18:00H**

**Práctica Seminario O Cine como Linguaxe**

D. Álvaro Dosil Rosende, Facultade de CC. da Educación (USC)

**18/09/2019 16:30-18:00H**

**Seminario: Que papel poden desempeñar as familias na educación?**

Prof. Dña. María del Mar Lorenzo Moledo, Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.  
Prof. Dña. Diana Priegue Caamaño Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

**19/09/2019 16:30-18:00 H**

**Seminario: Tesouros agochados no rural**

Dña. María Canedo Barreiro, Facultade de Xeografía e Historia (USC)

**20/09/2019 16:30-18:00 H**

**Visita ás Igrexas de Ponte Ulla e de San Mamede**

Dña. María Canedo Barreiro, Facultade de Xeografía e Historia (USC)

**25/09/2019 16:30-18:00 H**

**Obradoiro de estilos educativos parentais**

Prof. Dña. María del Mar Lorenzo Moledo, Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.  
Prof. Dña. Diana Priegue Caamaño Facultade de Ciencias da Educación da USC e do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO da USC.

**26/09/2019 16:30-18:00H.**

**Sesión Práctica Qué é o envellecemento?, na Facultade de Medicina de Santiago**

Prof. Don José Manuel Fernández García, Doutor en Medicina, Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria Coordinador nacional do Grupo de Traballo de Nutrición de Semergen

**DATA DE CLAUSURA, PENDENTE DE CONFIRMACIÓN.**

As clases serán impartidas no Centro Sociocultural da 3ª Idade de Vedra (Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, 41 (O Burgo) Vedra).  
Información e matrícula (gratuita) no mesmo lugar onde serán impartidas as clases.

## LUDOVERÁN MEDIEVAL

■ Dende o programa de conciliación CONXUGA seguimos acompañando nunha chea de actividades nas que, os misterios por resolver serán craves para poder continuar a nosa aventura, terán que aprender a resolver enigmas, traballar en equipo, rastrexo de tesouros, aprender a navegar, xincanas acuáticas... toda unha serie de dinámicas que farán que os/as máis pequenos/as se convertan nos/as mellores participantes da contorna!!!

A Ludoteca de verán ten como obxectivo ser unha alternativa próxima para aquelas persoas que necesiten coordinar os seus períodos laborais cunha atención integral para os seus fillos/as.

Chega a época de verán e os nenos/as dispoñen de tempo libre, seguindo as liñas pedagóxicas que vimos desenvolvendo, pensamos que é axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo, relacionándose cos outros nun marco lúdico.

A palabra aventura contextualízanos nun universo fantástico atractivo para os nenos/as; partindo desta idea propoñémoslles que sexan protagonistas da súa propia aventura e desenvolvan a capacidade de

explorar polo que ao longo de todo o verán transformámonos en exploradores/as onde a vida será a nosa trepidante aventura.

Da man da viaxe polo medieval, iremos aprendendo e descubrindo a nosa contorna próxima e o mundo cos misterios que o rodean.

### Obxectivos Xerais:

- Ofrecer un espazo e contexto adecuado para o desenvolvemento social e de relación dos nenos e nenas.
- Posibilitar o achegamento da familia ao mundo dos nenos facéndoa partícipe no desenvolvemento integral dos mesmos nun marco lúdico.

### Obxectivos específicos:

- Realizar actividades grupais onde teñan que adestrarse en habilidades sociais e de relacións como:
  - Traballo en equipo.
  - Resolución de conflitos.
  - Saber pedir axuda.
  - Saber proporcionar axuda.
  - Alternativas á violencia.



## Actividades e talleres:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos e animación
- Xincanas e xogos de pistas
- Outras actividades significativas:
  - Taller de danzas medievais
  - Confección de murais temáticos
  - Xogos de orientación
  - Taller de confección de camisetas
  - Xogos cooperativos
  - Taller: xoiaría medieval
  - Xogos de Auga
  - Construción dunha feira medieval
  - Cros de orientación

Todas as actividades semanais irán intercaladas cos distintos obradoiros de: Construción, artesanía, expresión musical e artística.

## Horario:

O horario será de 8:30 a 14:30. Debendo levar un pequeno almorzo para media mañá.

É necesario facer unha nova inscrición no Programa Conxuga para poder utilizar en setembro o servizo.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693.

Os interesados/as deberán cubrir e asinar unha solicitude de inscrición por cada participante e entregala NO REXISTRO DO CONCELLO.



XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Vedra

# Muller

## VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

### MULLERES ASASINADAS ANO 2019

■ A Constitución Española, no seu artigo 14, establece a non discriminación por razón de nacemento, **SEXO**, relixión, opinión ou calquera condición ou circunstancia. Pero a pesar desta equiparación constitucional, aínda os dereitos da muller non se respectan plenamente nin no fogar, nin no traballo, nin nas rúas. Non é suficiente, pois, que existan leis que garantan os nosos dereitos, senón que é necesario coñecelos para así poder exercitalos e denunciar, no seu caso, o seu incumprimento, saber a que lugar, persoas ou institucións dirixirnos para efectuar as nosas reclamacións.

No concello de Vedra, como municipio integrante da Rede Galega de Concellos pola Igualdade, ofrécemos os seguintes servizos de forma totalmente gratuíta e confidencial:

**No Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.** Dende o programa de Información e orientación facilítase unha orientación e asesoramento ás mulleres que acoden, derivándoas, se fose necesario aos

# 40



Concello  
de Vedra

departamentos que poidan proporcionarlles o apoio técnico adecuado. Días de atención de luns a venres.

### Asesoramento Xurídico.

Unha técnica xurídica informará e asesorará, intervindo, cando o caso o requira, naquelas materias xurídicas que afectan á muller tanto en Dereito de Familia como en Dereito Penal.

Día de atención: venres.

### Departamento de fomento de emprego

O departamento de fomento de emprego ofréceche:

- Información laboral.
- Cursos de pre-formación.
- Orientación para o autoemprego.
- Fórmula de traballo asociado: Cooperativas, sociedades anónimas laborais...
- Subvencións e axudas para a creación de empresas.

Días de atención de luns a venres.

### Outras:

Atención Psicolóxica Día de atención: os martes.



## AULA AMBIENTAL ULLA

■ Este é o programa de actividades que a Asociación Amabal desenvolverá no que resta de ano coa colaboración da Deputación da Coruña.

- A través del preténdese fomentar unha conciencia social para a conservación, promoción, defensa e mellora do medio ambiente ullán, facilitando un espazo de educación, formación, encontro e reflexión arredor dos seus recursos ambientais e naturais, informando e formando sobor boas prácticas ambientais, desenvolvendo accións para a posta en valor dos recursos naturais e ambientais do sistema fluvial Ulla-Deza e favorecendo a relación co medio, a través da observación e a experimentación e as posibilidades de aproveitamento dos recursos naturais da contorna ullán.



**Aula Ambiental ULLA**

**AULA DE VERÁN**

**ESCOLA DA ULLA**  
*Colaborativa, grata en sala e construída coa lingua de sinais da Ulla*

**ESCOLA DA SUSTENTABILIDADE**  
*Agencias ambientais, comercio responsable, de auge, reciclado, etc.*

**ITINERARIOS PEDAGÓGICOS**  
*Un itinerario de na Ulla para a promoción das mellores prácticas*

**AULA DE OUTONO**

**ESCOLA DO BOSQUE**  
*A importancia da lingua de sinais e a súa aproximación forestal ambiental*

**COGOMELAR**  
*A promoción e posta en valor da riqueza ecolóxica dos bosques de ribeira da Ulla*

**CURSO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL**  
*A construción e defensa do patrimonio natural da comarca da Ulla*

**AULA DE INVERNO**

**CHARLA AGRICULTURA SUSTENTABLE**

**CHARLA PREVENCIÓN DE INCENDIOS**

**CHARLA "A VESPA ASIÁTICA"**

**GRUPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL**

Para máis info, segue a actualidade de cada acción en <https://www.facebook.com/nauc.ambad>  
 Chámanos ao 620 424 990 ou escribenos a [nauc.ambad@gmail.com](mailto:nauc.ambad@gmail.com)



Deputación  
DA CORUÑA



AIAQUA

■ Chegamos a conta atrás para a concentración, acordádevos de reservar as datas!! O próximo 16, 17 e 18 de agosto!!.

# XXXII CONCENTRACION VAL DO ULLA

Santa Cruz de Ribadulla - 16, 17 e 18 de agosto

**VIERNES 15:** Apertura de inscripción de 8h00h, con o disco móvil.

**SÁBADO 16:** Almorzo con música, xantar, regata, show de vehículos, animación musical con disco móvil y MUSIC.

**DOMINGO 17:** Almorzo, ruta, xantar, entrega de trofeos e sorteo de agasallos.





**Colaboran:**





|                                                                                                                    |                                                                                              |                                                                                |                                                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>COMPLETA 40 €</b><br>BILLETE INSCRIPCIÓN<br>400 VOTOS<br>ALMOERZO/COMIDA/CASA SANCTI<br>ALMOERZO/COMIDA OMBRIGO | <b>NORMAL 30 €</b><br>BILLETE INSCRIPCIÓN<br>200 VOTOS<br>ALMOERZO OMBRIGO<br>COMIDA OMBRIGO | <b>MEDIA 20 €</b><br>BILLETE INSCRIPCIÓN<br>100 VOTOS<br>CASA SANCTI<br>COMIDA | PASEO DO COQUEIRO 981 512 099<br>VICTORIA NESTAL 981 512 216<br>INFO RESERVAS: 680 482 896<br>677 249 857 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|




## X CONCENTRACIÓN DE ESPANTALLOS

■ **Sabado 17 de agosto**

Organizada polo Grupo Cultural Santiaguíño pola  
Asoc. Tira e Afloxa M e C

A partir das 21:00 h. presentación dos espantallos no campo da festa de Outeiro, como novidade os espantallos cobrarán vida. Vide distrizados a esta concentración!!!

Representación teatral sobre o aniversario da chegada do home a lúa

- Haberá premios.
- A Comision de Vilar convidará aos asistentes a chourizos con pan e faraselle entrega a unha rifa dun xamón.


- Domingo 18 de agosto

- Saída ás 10:00 h no campo da festa do Santiaguiño.
- Descanso e pinchos na metade do percorrido.
- Chegada á capela do Santiaguiño e xantar amenizado por un dúo musical.
- Habará gran xincana con premios e sorteos sorpresas.

## Á HUGO DOMÍNGUEZ

■ Que vén de disputar o Campionato de España de Xadrez na categoría sub 12.

Sumou 4.5 puntos de 9 no torneo de lentas que se celebrou entre o luns 2 e o sábado 7 de xullo, rematando no posto 59 de 175, e no torneo de rápidas fixo 5 de 9.



## Vedra Festeira

**San Fins de Sales** VEDRA 2019

**XOVES 1 AGOSTO**  
Misa solemnísima ás 13:00h. na honra a San Fins.  
Sesión vermoula a cargo do **TRIO ÁNGEL FINISTERRE**.  
Pola noite vermoula a cargo do:

**VENRES 2 AGOSTO**  
Misa solemnísima ás 13:00h. na honra a Santísimo.  
BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA.  
Sesión vermoula a cargo do **GRUPO CICLÓN AMÉRICA**.  
Pola noite vermoula a cargo do:

**SÁBADO 3 AGOSTO**  
Misa solemnísima ás 13:00h. na honra a San Antonio.  
Sesión vermoula a cargo do **ZELTIA**.  
De 18:00h a 20:00h.  
**FESTA INFANTIL**  
con **INCHABLES GRATIS** e **FESTA DA ESPUMA**.  
Pola noite vermoula a cargo do:

**"A GRAMOLA"**

**SAN CAMPIO 2019**  
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA  
XOVES 1 AGOSTO - Ás 21 h. COMEZO DA NOVENA A SAN CAMPIO

**VENRES 9 AGOSTO** **AS VESPERAS**  
Pola noite **CHÁN VERBENA** coas seguintes:

**GRUPO BOMBA PARIS DE NOIA**

**SÁBADO 10 AGOSTO** **O SAN CAMPIO**  
O DÍA DAS BIXANAS. Ás 12:00 h. misa solemnísima cantada polo **CORO LEDICIA DE SAN XEÁN DE SALES**.  
Sesión vermoula a cargo do **GRUPO BOMBA PARIS DE NOIA**.  
**BANDA DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA**  
**BANDA ARTÍSTICA DE MERZA**  
FOGOS ARTIFICIAIS a cargo do **PIROTECNIA FOMBA** a partir das 22:30 h. da noite.

**DOMINGO 11 AGOSTO** **O SAN ANTONIO**  
O DÍA DAS OMBREIRAS. Ás 13:00 h. misa solemnísima cantada polo **CORAL DA TERCEIRA IDADE DE VEDRA**.  
Sesión vermoula a cargo da orquestra **GALILEA**.  
Pola noite **CHÁN VERBENA** coas seguintes:

**GALILEA MARBELLA**

**PULPEIROS, ATRACCIÓNS E AMPLOS APARCADOIROS**

**MAZÁS KREA**  
ORGANIZACIÓN DE FORTES  
PROTECCIÓN CIVIL

### FESTAS EN SAN FINS DE SALES

■ Do 1 ao 3 de agosto.

### FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN

■ Do 9 ao 11 de agosto.

### FESTAS EN SAN MAMEDE

■ O 7 e 8 de agosto.

### FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

■ O 15, 23 e 24 de agosto.

**SAN MAMEDE DE RIVADULLA**  
VEDRA - 2019

**7 AGOSTO**  
Misa na honra a San Mamede ás 13:00h.  
Sesión vermoula a cargo do **D.L.**  
Ás 19:00h. Festa infantil (Inchables, xogos populares, festa do escuma...)  
A partir das 22:00h Gran foliada con:  
**REQUINTA DA LAXEIRA CAMPANTES DE A BANA ESFOLLADORES**

**8 AGOSTO**  
Misa na honra a Santísimo ás 13:00h.  
Sesión vermoula a cargo do **GRUPO DE BAILLE OS CAMPIÑOS** e os **PANDEREIROS DE ALDEAS DA AC SAN CAMPIO**.  
A noite gran vermoula coas orquestras

**FINISTERRE e COMBO DOMINICANO**

**SANTIAGUIÑO**  
SAN PEDRO DE VILANOVA (VEDRA)

**15 AGOSTO**  
**PROCESIÓN e SARDINADA / CHURRASCADA**  
Acelle formos procesos desde a igrexa da Capela do Santiagoño, de Santiagoño, e despois gran SARDINADA con animación musical a cargo do:

**O RECOBIO DE VAAMONDE**

**23 AGOSTO**  
**GRUPO IRIS PARIS DE NOIA**

**24 AGOSTO**  
**DÍA DO SANTIAGUIÑO**  
Ás 9:30 h salve de bombas a cargo da **Pirotecnia GAITEIRO**.  
Ás 11:00 h. MISA  
Ás 13:00 h. Misa cantada polo **CORO PANDEREIROS**.  
SESIÓN VERMOLA a cargo do **BANDA DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA**.  
ACTIVACIÓN ASOCIACIÓN CULTURAL SANTIAGUIÑO con motivo do seu 25 ANIVERSARIO.  
Pola noite gran vermoula a cargo das orquestras:

**LIMÓN GRUPO PUZZLE**



#### PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo [novas@concellodevedra.com](mailto:novas@concellodevedra.com) co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.